



## RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN (PRIVADA) AUTONÓMICA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada autonómica de REXIME CONCERTADO núm. P09-VC-0002/24 presentada pola entidade promotora CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO.

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en adiante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

### RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm P09-VC-0002/24

As características da promoción son as seguintes:

Localización: SUBIDA AO CASTELO, 9 - VIGO

Forma de acceso: COMPRA

Estado de execución: REMATADAS.

Número e tipoloxía das vivendas: 2 para quenda Xeral.

**Vivenda A – 1º e 2º esquerda** 87,76 m<sup>2</sup>

**Vivenda B – 1º e 2º dereita** 89,59 m<sup>2</sup>

Prezo de venda:

Vivenda A: **193.000,00 €** Vivenda B: **197.000,00 €**

Forma de pago:

CHEQUE BANCARIO.

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010.

A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas de promoción autonómica non resolto no que o interesado figurase como reserva (de conformidade co artº 39.2 do Decreto 1/2010)

O Director Territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

Asdo.: José Manuel González González

